

ÁMBITO

Localidade	Noia
Comarca	Muros-Noia
Lugar de realización	Edificio Administrativo da Rúa do Espírito Santo

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	37
Nº de non militantes asistentes	13
Nº de militantes convocad@s	(tod@s)

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

<i>Persoas a cargo das que recae a explicación do proceso</i>	
A nivel local	Tono Millares (Responsábel local)
Representante do Consello Nacional	Ana Pontón

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	1:45
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Clásica, dispoñendo as sillas en círculo.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

A valoración que facemos a nivel local é positiva. A afluencia foi 3 veces superior á media das asembleas locais ordinarias.

Quizáis era previsíbel unha maior afluencia de militantes en detrimento do número de simpatizantes, pero a cifra final parécenos adecuada para o estado actual da organización na nosa vila.

Tomaron a palabra 13 persoas, un pouco na liña das asembleas ordinarias, nas que, independentemente da asistencia, só unha pequena parte participa activamente.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

Con carácter xeral:

- Mellorar a nosa autoestima. Poñernos en valor a nós mesmos e ao traballo feito. A xente segue chamando á nosa porta, pero despois son outros os que se levan os méritos do noso traballo.
- Hai moitos sectores que nos vén cerca(mar), pero logo non somos quen de materializar eses apoios. A xente asíxenos máis do que nos dá.
- Actualizar o discurso (caduco, obsoleto, antigo) e adecualo ao contexto. Falta épica.
- Saír á rúa ("tamén se fai política nas tabernas").
- Tratar de ser máis pedagóxicos no discurso; desintelectualizalo, non cargalo de datos e estatísticas. Simplicidade, concisión e frescura.
- Aprender de onde funciona o nacionalismo (EUS, CAT).
- O BNG é demasiado serio, institucional, endogámico ("non facemos máis que poñer flores nos nichos").
- A campaña de NÓS non gustou.
- Non se percibe renovación. Falta xente nova e non somos quen de chegar a ela.
- Somos capaces de identificar ben o problema pero, ou ben non acertamos coa solución, ou ben non sabemos trasladarllela á cidadanía.
- Nas pequenas localidades, coma a nosa, nas que unha grande parte da xente leva moitos anos compartindo militancia, xéranse unhas relacións de amizade que impiden que o debate en asemblea sexa sincero e, polo tanto, útil.
- Visto desde fóra, desde o punto de vista de alguén que quixer entrar na organización, a imaxe é a dun grupo moi pechado.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Radiografía da Galiza de hoxe

- Galiza é unha colonia.
- Precisamos a independencia para organizar os nosos sectores produtivos.
- Precisamos enfrontar a UE.
- O PP non é un partido político, é unha mafia.
- Na sociedade hai sensación de expolio.
- Os medios de comunicación xogan un papel crucial e a nós ignóranos.
- Falta a normalización do nacionalismo. Ser capaces de abranguer tódolos ámbitos.

Estratexia política do nacionalismo galego

- Revisar a política de pactos. A xente é consciente de que determinados gobernos en coalición, nomeadamente co PSOE, e en situación de clara minoría, foron perxudiciais. Tivemos que asumir como propias medidas que non encaixan no programa político do BNG e non puidemos materializar as nosas.
- Cada militante/simpatizante ten que asumir as súas responsabilidades.
- O proxecto político ten que ir acompañado dun proxecto moral.
- Máis que unha refundación, o que precisamos é unha re-cohesión.
- É preciso afortalar a compoñente de clase.
- Non se ve claro que este proceso se inicie despois dunha dura derrota electoral.

Participación política e modelo organizativo

- Necesidade da auto-organización.
- As bases precisan formación.